

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Augas de Galicia

Servizo Territorial Zona Galicia-Centro Santiago de Compostela

ANUNCIO

Clave: DH.W15.24788

CLAVE: DH.W 15.24788

Manuel Vila González con DNI: 33207021N e con enderezo en Arnela, 18A - Baroña, 15979 PORTO DO SON.

Solicita AUTORIZACIÓN para construción dun peche perimetral da parcela 207, polígono 12, na zona de policía do río Pedras, no lugar de Portocarro, na parroquia de Lesón (Santa Cruz), no concello da Pobra do Caramiñal, provincia da Coruña.

Os traballos consisten na construción dun peche perimetral de 86,00 m de lonxitude, mediante malla metálica de arame trenzado cor verde de 1,30 m de alto, sobre postes galvanizados cunha altura sobre o terreo de 1,65 m, espazados a 3,0 m os cales van a ir sobre bloques de formigón.

No lateral dereito da vivenda, que linda con outra propiedade privada, solicitan soster o peche no muro de pedra, semiderrubado, onde sexa preciso.

A distancia do peche ó río Pedras é de 5,00 m.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servizo, situado na Praza de Vigo, 2 - entresollado, Santiago de Compostela, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2009

O xefe do Servizo Territorial da Zona Galicia-Centro

Ángel Gómez Rey

09/1027-2

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Augas de Galicia

Zona Galicia Norte A Coruña

ANUNCIO

Información pública. Clave: DH W.15.25711

CLAVE: DH W.15.25711

D. Jose Ramón Casal Rodríguez con CIF 32438604-W, e con enderezo en Vereda Polvorín, nº 11, 4 º. 15002 A Coruña.

Solicita AUTORIZACIÓN para peche de finca, na zona de policía do río s/d, no lugar de Trasdoval, na parroquia de S. Fiz, no T.M. de Bergondo.

As obras solicitadas consisten na peche de ficna mediante muro dun metro de alto e malla metálica e tullas.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servizo, situado na C/ Wenceslao Fernández Florez 1-2º A Coruña, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 16 de xaneiro do 2009.

O Xefe de Servicio da Zona Galicia Norte

Asdo. Luis García Alonso.

09/874-2

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Augas de Galicia

Zona Galicia Norte A Coruña

ANUNCIO

Información pública. Clave: DH W.15.26021

CLAVE: DH W.15.26021

D. Jose Antonio Aldao García con CIF 76344329-S, e con enderezo en Rúa Punte, nº 12, 2 º. 15100 Carballo.

Solicita AUTORIZACIÓN para legalización dunha vivenda unifamiliar, na zona de policía do río Barcia, no lugar de Arnados, na parroquia de Razo, no T.M. de Carballo.

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda de planta baixa e construción dunha fosa septica..

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servizo, situado na C/ Wenceslao Fernández Florez 1-2º A Coruña, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 15 de xaneiro do 2009.

O Xefe de Servicio da Zona Galicia Norte

Asdo. Luis García Alonso.

09/895-2

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo

Delegación Provincial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

ANUNCIO

Revisión salarial do convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais

Visto o expediente da revisión salarial do Convenio colectivo do sector de LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS, que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 19.1.09, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 16.1.09, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.- Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.- Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 22 de xaneiro de 2009

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo: María Debén Alfonso

ACTA DE REUNION DE LA COMISION PARITARIA DEL CONVENIO COLECTIVO DE LIMPIEZA DE EDIFICIOS Y LOCALES DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA (16/01/2009)

ASISTENTES:

- Por la parte social: M^a Jesús García Pérez (UGT), Consuelo Piñeiro Fernández (UGT), Carmen Novoa Villar (CCOO), Dorinda Maceiras Sánchez (CCOO).

- Por la parte empresarial: Arsenio Mezquiriz Andrade, Jesús Gómez Vázquez, Ramón Salgado Fuentes, Marina Graña Bermúdez (Asesora), en representación de la Asociación Provincial de Empresarios de Limpieza de Edificios y Locales; y D. José Félix Valderrey de la Huerga, Doña Cristina Martín Vázquez, en representación de ASPEL.

En A Coruña, en los locales de la Confederación de Empresarios de La Coruña, siendo las 11:00 horas del día 16 de enero de 2009, se reúnen las partes arriba indicadas, como componentes de la Comisión Paritaria del Convenio Colectivo de Limpieza de Edificios y Locales de la provincia de A Coruña, con objeto de llevar a cabo la revisión salarial correspondiente al año 2009.

No procede la aplicación de lo establecido en el artículo 28 del actual Convenio colectivo, al no haber superado el IPC real correspondiente al año 2008 (1,4%) el IPC previsto y tomado como base para la revisión salarial del citado año.

A continuación se aplica el incremento salarial pactado para el año 2009, según lo establecido en el artículo 17 del actual Convenio Colectivo. La tabla salarial resultante es la que figura como Anexo I de esta acta.

Se procede a continuación a realizar, de acuerdo a lo establecido en el citado artículo 17, el incremento salarial acordado (2,5%) sobre el complemento de antigüedad consolidada, aplicable únicamente para aquello/as trabajador/as que lo tuvieran reconocido, según lo establecido en el artículo 18 del Convenio colectivo. Las cuantías resultantes se reflejan como Anexo III.

Se acuerda facultar a Doña Marina Graña Bermúdez para la presentación de la documentación necesaria ante la Delegación de la Consellería de Traballo, para el registro y publicación de esta acta con sus Anexos.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se levanta la reunión siendo las 12:00 horas de la fecha arriba indicada.

ANEXO I

CONVENIO COLECTIVO LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS PROVINCIA DE A CORUÑA

	Salarios Base 2009	
	Mensual	Anual
Administrativos		
Xefe/a de Primeira	1.282,76 €	19.241,40 €
Xefe/a de Segunda	1.233,84 €	18.507,60 €
Caixeiro/a	1.204,30 €	18.064,50 €
Oficial de Primeira	1.159,95 €	17.399,25 €
Oficial de Segunda	1.033,24 €	15.498,60 €
Auxiliar	944,62 €	14.169,30 €
Telefonista	917,43 €	13.761,45 €
Cobrador/a	917,43 €	13.761,45 €
Mandos Intermedios		
Encargado/a Xeral	1.192,12 €	17.881,80 €
Encargado/a de Zona	1.106,77 €	16.601,55 €
Encargado/a de Sector	1.060,90 €	15.913,50 €
Subalternos/as		
Ordenanza	856,05 €	12.840,75 €
Almaceneiro/a	839,93 €	12.598,95 €
Mozo/a de Recados	674,53 €	10.117,95 €
Persoal de Limpieza		
Encargado/a	911,91 €	13.678,65 €
Responsable de Equipo	867,29 €	13.009,35 €
Especialista	986,84 €	14.802,60 €
Conductor/a-Limpador/a	1.034,19 €	15.512,85 €
Peón Especialista	875,71 €	13.135,65 €
Peón	853,70 €	12.805,50 €
Limpador/a	853,70 €	12.805,50 €
Plus de Asistencia	64,06 €	768,72 €
Plus de Transporte	63,68 €	764,16 €

ANEXO III

ANTIGÜEDAD CONSOLIDADA PARA O/AS TRABALLADORES/AS CON DATA DE INGRESO NA EMPRESA ANTERIOR O 01/01/1998. Año 2009

	Trienio devengado ata o 31/12/1998	Valor mes *
Administrativos		
Xefe/a de Primeira	41,73	1,14
Xefe/a de Segunda	40,19	1,11
Caixeiro/a	39,25	1,09
Oficial de Primeira	37,87	1,04
Oficial de Segunda	33,8	0,94
Auxiliar	30,99	0,87
Telefonista	30,1	0,85
Cobrador/a	30,1	0,85
Mandos Intermedios		
Encarado/a Xeral	38,89	1,08
Encarado/a de Zona	36,15	1
Encarado/a de Sector	34,69	0,96

	Trienio devengado ata o 31/12/1998	Valor mes *
Subalternos/as		
Ordenanza	28,14	0,81
Almaceneiro/a	27,63	0,79
Mozo/a de Recados	22,36	0,6
Persoal de Limpeza		
Encarado/a	29,93	0,85
Responsable de Equipo	28,5	0,82
Especialista	32,32	0,91
Conductor/a-Limpador/a	33,84	0,94
Peón Especialista	28,76	0,82
Peón	28,07	0,81
Limpador/a	28,07	0,81

* Valor mes: aplicable ós meses transcurridos dende o vencemento do derradeiro trienio ata o 31-12-1998, exclusivamente para os/as traballadores/as con data de ingreso na empresa anterior o 1-1-1998.

09/1169-x

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo

Delegación Provincial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

ANUNCIO

Convenio colectivo do Concello de Brión

Visto o expediente do convenio colectivo do CONCELLO DE BRIÓN (código convenio 1504652), que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 3.12.08, complementado o 5.1.09 e subscrito pola parte económica polo Concello de Brión e pola parte social polo comité de empresa os días 21.11.08 e 19.12.08, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.–Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.–Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.–Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 22 de xaneiro de 2009

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo: María Debén Alfonso

ÍNDICE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS (arts. 1 a 12)

CAPÍTULO II. SEGUIMENTO E CONTROL (arts. 13 a 14)

CAPÍTULO III. SOLUCIÓN EXTRAJUDICIAL DE CONFLICTOS COLECTIVOS (art. 15)

CAPÍTULO IV. DEREITOS SINDICAIS

SECCIÓN 1.^a. DO DEREITO Á ACTIVIDADE SINDICAL (arts. 16 a 19)

SECCIÓN 2.^a. DAS SECCIÓN SINDICAIS (arts. 20 a 24)

SECCIÓN 3.^a. DO DEREITO Á REPRESENTACIÓN COLECTIVA (arts. 25 a 28)

SECCIÓN 4.^a DO DEREITO DE REUNIÓN (arts. 29 a 32)

SECCIÓN 5.^a DOS DEREITOS DE NEGOCIACIÓN E PARTICIPACIÓN COLECTIVA (arts. 33 a 36)

SECCIÓN 6.^a. DO DEREITO DE FOLGA (art. 37)

CAPÍTULO V. DEREITOS E DEBERES (arts. 38 e 39)

CAPÍTULO VI. CALIDADE DOS SERVIZOS E ABSENTISMO LABORAL (art. 40)

CAPÍTULO VII. CALENDARIOS LABORAIS, XORNADAS E HORARIOS (arts. 41 a 50)

CAPÍTULO VIII. VACACIÓNS, PERMISOS, LICENCIAS E EXCEDENCIAS (arts. 51 a 53)

CAPÍTULO IX. SELECCIÓN, PROMOCIÓN INTERNA E PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

SECCIÓN 1.^a INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN (art. 54)

SECCIÓN 2.^a SELECCIÓN E ACCESO (arts. 55 a 57)

SECCIÓN 3.^a PROMOCIÓN INTERNA (arts. 58 a 61)

SECCIÓN 4.^a PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (arts. 62 a 69)

CAPÍTULO X. INCOMPATIBILIDADES (art. 70)

CAPÍTULO XI. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (art. 71)

CAPÍTULO XII. SISTEMA RETRIBUTIVO (arts. 72 a 76)

CAPÍTULO XIII. ACCIÓN SOCIAL (arts. 77 a 79)

CAPÍTULO XIV. RÉXIME DISCIPLINARIO (art. 80)

CAPÍTULO XV. CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E PROCESOS DE FUNCIONARIZACIÓN (arts. 81 a 83)

CAPÍTULO XVI. FORMACIÓN NAS ENTIDADES LOCAIS. (arts. 84 a 86)

CAPÍTULO XVII. SAÚDE E SEGURIDADE (arts. 87 a 94)

CAPÍTULO XVIII. PLANS DE IGUALDADE.

Disposicións adicionais.

ANEXOS.

CAPÍTULO I.–DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.–Representación e lexitimidade.

As partes que concertan este acordo son o Concello de Brión, no exercicio da súa autonomía local, e o comité de empresa do Concello de Brión, en representación do seu persoal laboral, constituídas en mesa de negociación ao abeiro do previsto no Estatuto dos traballadores, aprobado por R.D. Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, na Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical e demais normativa de aplicación.